



Estimados pais/nais/titores/as:

Como sabedes, no mes de setembro iniciáronse os trámites de solicitude da xornada única para este centro, segundo a normativa reguladora deste proceso. (Orde de 29 de maio de 2008 pola que se establece o procedemento para a implantación de xornada lectiva en sesión única).

O día 20 do mes de abril, recibíuse na Secretaría do centro a resposta do Servizo de Transporte da Xefatura Territorial de A Coruña, informando favorablemente á solicitude de implantación de xornada única, quedando a xornada lectiva de 9.30h. ás 14.30h. e o servizo de transporte escolar con entrada ás 9.30h. e saída ás 16.30h., logo do servizo de comedor escolar.

Segundo o punto 4 da normativa anteriormente citada, procede a fase de información ás familias das condicións da nova xornada antes da xornada de votación.

Ao reverso desta circular atópase a proposta de horario xeral do centro e a oferta de actividades extraescolares diarias para o vindeiro curso.

No taboleiro de anuncios e na páxina web do centro atópase o documento completo de proposta de xornada única para o centro.

As actuacións a partir de agora quedan reflectidas no seguinte calendario:

DÍA 27 DE ABRIL	EXPOSICIÓN NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CENSO DE PAIS/NAIS/TITORES/AS
DÍA 2 DE MAIO	SORTEO PÚBLICO DOS MEMBROS DA MESA ELECTORAL (p. 5 da Orde de 29 de maio de 2008)
DE 11 A 19 DE MAIO	PERÍODO RECLAMACIÓN AO CENSO
DÍA 19 DE MAIO	REUNIÓN INFORMATIVA DAS CONDICIÓN DA NOVA XORNADA ESCOLAR
DÍA 23 DE MAIO	XORNADA DE VOTACIÓN DOS PAIS/NAIS/TITORES/AS

*Na reunión prevista para o día 19 de maio profesorado do centro organizará un servizo de gardería para as familias que acudan acompañados de fillos/as pequenos/as.

Sigrás- Cambre, 21 de abril de 2016
A Directora

Asdo. Estrella Jiménez Ortega

PROPOSTA DE HORARIO

7:30-9:30	Servizo de mañanceiros
9:30-14:30	Xornada lectiva
14:30-16:30	Servizo de comedor
16:30	Saída autobuses servizo de transporte
16:30-17:45	Actividades Extraescolares
17:45	Saída autobús Actividades Extraescolares

OFERTA DE ACTIVIDADES

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
XIMNASIA RÍTMICA	PATINAXE PEQUENOS	BALLET	FÚTBOL	NATACIÓN
JUDO	BAILE MAIORES	PATINAXE MAIORES	BAILE INFANTIL	BIBLIOTECA
INGLÉS E.I.	INGLÉS PRIMARIA	XADREZ	INGLÉS PRIMARIA	
BIBLIOTECA	BIBLIOTECA	BIBLIOTECA	BIBLIOTECA	

- * *As agrupación definitivas dos nenos e nenas, farase en función da demanda recibida no mes de setembro.*
- * *A actividade de Inglés en EP será sempre de dúas sesión semanais.*